

SIMPOSIO ILG 2025
A INTELIXENCIA ARTIFICIAL E A LINGUA GALEGA: OPORTUNIDADES E RISCOS
18-20 de novembro de 2025
Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela

A REGULACIÓN DA IA E O SECTOR AUDIOVISUAL E CULTURAL

LUÍS MÍGUEZ MACHO

Universidade de Santiago de Compostela

Nesta palestra explicarase o marco regulador actual da intelixencia artificial (IA) e o seu impacto sobre o uso destas tecnoloxías no sector audiovisual e cultural. Despois de expoñer as ideas xerais do regulamento da Unión Europea, que establece normas harmonizadas en materia de IA, así como a clasificación dos sistemas de IA en función dos riscos que recolle, centrarase na súa aplicación ao sector audiovisual e cultural.